

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA NO ANO 2022

En Santiago de Compostela,

### REÚNENSE:

**Dunha parte a Consellería de Cultura, Educación e Universidade** (en adiante, “a Consellería”) e no seu nome e representación Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

**Doutra, a Federación de Libreiros de Galicia** con NIF V15038458 (en adiante “a Federación”) e no seu nome e representación Ramón Domínguez López, na súa condición de presidente, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

### EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en conso-



nancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Consellería pretende con iso crear novas vías de achegamento cultural aos galegos, creando amplos escaparates, abertos a diferentes actividades susceptibles de comunicación a través da súa venda ou exposición pública.

A Federación é unha entidade sen ánimo de lucro que naceu no ano 1977, como unha asociación integrada polos libeiros e libeiras con establecemento aberto na Comunidade Autónoma Galega.

A Federación ten como finalidade un labor de continuidade no campo da promoción e difusión do libro e a lectura e, por extensión, da cultura en galego e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

Para o cumprimento destes fins a Federación utiliza, entre outros, os seguintes medios:

Participa na política libreira e bibliográfica e intervén nas actividades que afecten ao mercado do libro, á comercialización e aos intereses profesionais dos asociados; fomenta e organiza feiras do libro en todos os seus ámbitos; organiza ou colabora na organización de actividades culturais, recreativas ou sociais e participa activamente no fomento do libro.

As feiras do libro teñen como obxectivos primordiais o achegamento do libro aos seus potenciais lectores, mediante a súa exhibición, difusión e comercialización, fundamentalmente dos títulos publicados nos últimos anos, así como a promoción da lectura entre a sociedade galega.



O sector do libro galego, formado por pequenas librarías e editoriais, non ten suficiente capacidade económica para acometer un circuíto cultural desta magnitude, polo que debe ser a Administración a que colabore neste propósito. Esta amplitude de contidos é a que xustifica a non concorrência, ante a dificultade que suporía recoller nunha única convocatoria pública, un proxecto plural destas características.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se leva a cabo esta colaboración.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería e a Federación para a realización das feiras do libro de Galicia en 2022; o obxectivo destas feiras é a promoción do libro e o fomento da lectura, a potenciación da creación literaria e a posta en valor do traballo literario, a promoción dos autores e autoras, os certames literarios e os premios que axudan os escritores a difundiren as súas obras; así como a realización de actividades artísticas que complementan a difusión cultural; destinadas para todos os públicos, en especial da infancia, e que garanten a participación social en todos os eidos culturais.

Todo o anterior ponse en marcha sen esquecer a importancia da recuperación e a utilización de espazos públicos.



Con isto preténdese acadar a valoración social do patrimonio cultural e a difusión e a posta en valor da lingua galega.

## SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

O circuïto de feiras do libro desenvolveranse nas seguintes localidades: Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, O Porriño, Vilalba, Ourense, Vigo, Pontearreas, Rianxo, A Coruña, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos.

O calendario pode sufrir modificacións para adaptarse á normativa que se deba aplicar aos eventos públicos realizados en espazos abertos.

| LOCALIDADE                    | DATAS                 | LUGAR                     |
|-------------------------------|-----------------------|---------------------------|
| <b>Ferrol</b>                 | Do 22 ao 24 de abril  | Praza da Constitución     |
| <b>Santiago de Compostela</b> | Do 1 ao 8 de maio     | Paseo Central da Alameda  |
| <b>Lugo</b>                   | Do 17 ao 22 de maio   | Praza Maior (arriba)      |
| <b>O Porriño</b>              | Do 26 ao 29 de maio   | Rúa Ramón González        |
| <b>Vilalba</b>                | Do 3 ao 5 de xuño     | Praza da Constitución     |
| <b>Ourense</b>                | Do 8 ao 11 de xuño    | Rúa do Paseo              |
| <b>Vigo</b>                   | Do 1 ao 7 de xullo    | Rúa do Príncipe           |
| <b>Pontearreas</b>            | Do 14 ao 17 de xullo  | Praza Maior               |
| <b>Rianxo</b>                 | Do 22 ao 25 de xullo  | Praza Castelao            |
| <b>A Coruña</b>               | Do 1 ao 10 de agosto  | Xardíns de Méndez Núñez   |
| <b>Viveiro</b>                | Do 12 ao 15 de agosto | Xardíns de Noriega Varela |
| <b>Foz</b>                    | Do 18 ao 21 de agosto | Praza de Conde Fontao     |
| <b>Monforte de Lemos</b>      | Do 24 ao 27 de agosto | Rúa do Cardeal            |

As actuacións a realizar pola Federación co seu orzamento desglosado, son as seguintes:



| Orzamento Convenio colaboración Feiras do libro 2022  |                     |
|---|---------------------|
| Xestión de coordinación e persoal de apoio nas feiras (Gastos de persoal da entidade dedicado parcialmente á xestión das feiras e persoal contratado de forma temporal exclusivamente para a atención nas feiras) | 44.000,00 €         |
| Materiais e montaxes (Aluguer e montaxe de casetas e suministros precisos para o correcto funcionamento das casetas)  | 68.100,00 €         |
| Vixilancia e seguridade   | 14.000,00 €         |
| Deseño e comunicación (Deseño web, xestión de medios e RRSS...)   | 14.000,00 €         |
| Actividades e pregoeiros (Gastos para diferentes tipos de actividades durante ás feiras)  | 20.000,00 €         |
|   | <b>160.100,00 €</b> |

Total orzamento ..... 160.100€ (IVE non deducible non incluído).

Segundo a tendencia de converter as feiras do libro en puntos de encontro culturais, de difusión do libro e da lectura, a Federación, dentro da medida do posible, dada a situación derivada da situación sanitaria, organizará actividades culturais, artísticas e sociais. As distintas actuacións inclúen presentación de libros, sinatura de exemplares polos autores, mesas redondas, clubs de lectura e actividades infantís.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o interese social das mesmas, xa que é a Federación de Libreiros de Galicia a única entidade asociativa deste sector das librarías galegas que representa os intereses colectivos dos libreiros e das libreiras de Galicia, á vez que ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e a organización das feiras do libro, tanto locais como de ámbito territorial da Federación.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do Covid-19. As actuacións que se recollen neste convenio encaixan dentro do eixe 2 “*mantemento do emprego cultural*” medida: “*axudas para o fomento e dinamización da cultura*”



Así mesmo, e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura para o ano 2022, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

### **TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO**

O orzamento total para a organización das feiras ascende a 160.100 €. A Consellería comprométese a aboar como máximo o 74,95 % do orzamento total da actividade, que en ningún caso, deberá superar a cantidade de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Queda por conta da Federación a diferenza de financiamento necesario, 25,05 % restante a conta dos seus ingresos e recursos propios, para a total execución das actividades subvencionadas, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actuación, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na forma recollida na estipulación novena, penúltimo parágrafo.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Consellería poderá realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación sempre que se constitúa a correspondente garantía á que obriga o artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou ben a través de aval bancario, que deberá cubrir o 110% do pago anticipado con alcance ata o 31 de decembro. A cantidade máxima que se realizará como pago anticipado será do 50% do importe subvencionado nun único anticipo. O segundo pagamento, 50% restante, non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

As garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou en calquera das súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da Consellería de Facenda (artigo 69 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).

### **CUARTA.- COMPROMISOS DA FEDERACIÓN**

A Federación comprométese a:



- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.
- A facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a Federación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20,1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a Federación ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Prestar colaboración e facilitar toda documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.
- Presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

## **QUINTA.- COMPATIBILIDADE**

A obtención desta axuda é compatible con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas



para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.

## **SEXTA.- COMPROBACIÓN DE DATOS**

Para a tramitación deste convenio consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

Certificacións da AEAT, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## **SÉTIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e pola presidenta da Federación, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

## **OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables aqueles gastos realizados e pagados antes de finalizar o período de xustificación que se deriven da execución daquelas actuacións previstas na memoria de actividades e determinadas neste convenio, e que de maneira



indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, coas peculiaridades dos seguintes conceptos:

Gastos de xestión de coordinación: serán subvencionables as horas dedicadas á realización das actividades obxecto deste convenio (salario e gastos de desprazamento) por parte do persoal da Federación ata a cantidade establecida no orzamento previsto na cláusula segunda.

As nóminas presentadas como xustificación deberán corresponder a realización das actividades e na proporción na que realmente se dedique as mesmas.

Gastos de organización e mantemento dos stands nas feiras: serán subvencionados os gastos de electricidade, son, telefonía e transmisión de datos que se correspondan as datas de realización de cada unha das feiras. En ningún caso este tipo de gastos poderá ser facturado por terceiras persoas, debendo achegarse no momento da súa xustificación a factura da empresa comercializadora da enerxía, telefonía ou de telecomunicacións e na que se terá en conta unicamente o período que se corresponda coas datas de realización de cada feira.

Contratación de empresas especializadas: Cando o importe do gasto subvencionado supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público para o contrato menor, na actualidade valor estimado inferior a 15.000€ máis IVE, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo ou subministro (artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia), xustificando nunha memoria a elección cando esta non sexa a máis vantaxosa economicamente.

## **NOVENA- XUSTIFICACIÓN**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, en todo caso, deberán corresponder aos conceptos e contías estipulados no presente convenio. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 31 de outubro de 2022.



De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2022, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan, en todo caso, á natureza da actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, [https://sede.xunta.gal/Carpeta cidadá](https://sede.xunta.gal/Carpeta_cidadá).

A Federación presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Informes de dedicación do persoal propio da entidade ao obxecto do convenio, indicando a proporción da nómina que corresponde a actividade ou o número de horas vinculadas ao proxecto
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada dos fondos propios aplicados ao proxecto, que non debe ser inferior ao 20% do proxecto inicial de actividades.
- Memoria económica dos ingresos obtidos por feira (alugueres de casetas, donativos ...)

Cando a actividade fose financiada, ademais de con esta subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustifica-



ción o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Cando a Consellería advirta un exceso de financiamento, minorará a subvención na parte proporcional. En caso contrario procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

No caso de que a Federación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as actuacións obxecto do convenio está sometidas á comprobación explícita da súa realización por partes dos servizos técnicos da Xunta de Galicia.

## **DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

## **DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Federación, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

## **DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS**

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Federación de Libreiros de Galicia deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O transcurso do prazo de vixencia do presente convenio.

## **DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento,



Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### **DÉCIMO QUINTA.- CONSENTIMIENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.**

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <http://www.librarias.org/> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.



Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

#### **DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Conselleiro de Cultura, Educación e Universi- Presidente da Federación de Libreiros de  
dade Galicia

Román Rodríguez González

Ramón Domínguez López

